

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

2022/2023



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES PEDRO FLORIANI

ÍNDICE

1. Xustificación
2. Marco Legal
3. Análise do Contexto e Diagnóstico de Necesidades
4. Estrutura do Departamento
 - 4.1. Constitución do Departamento de Orientación
 - 4.2. Funcionamento
 - 4.3. Situación e Recursos Materiais
5. Funcións do Departamento e Obxectivos Xerais
6. Accións Prioritarias
 - 6.1. Actuacións respecto ao centro
 - 6.2. Actuacións respecto ao profesorado
 - 6.3. Actuacións respecto do alumnado
 - 6.4. Actuacións respecto das familias
 - 6.5. Actuacións respecto dos centros adscritos
 - 6.6. Actuacións respecto doutros organismos
7. Estratexias de Intervención
 - 7.1. Plan de Acción Titorial (PAT)
 - 7.1.1. Obxectivos xerais
 - 7.1.2. Actuacións
 - 7.2. Plan de Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe e Atención á Diversidade
 - 7.2.1. Obxectivos
 - 7.2.2. Actuacións
 - 7.3. Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)
 - 7.3.1. Obxectivos xerais
 - 7.3.2. Actuacións
8. Temporalización
9. Metodoloxía
10. Recursos
11. Avaliación, Seguimento e Memoria final do Plan de Orientación

ANEXO I: Programación de actividades 2022/2023.

1. XUSTIFICACIÓN

A orientación educativa é un proceso de axuda que se dá na actividade educativa. O seu obxectivo é o de contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a, co fin de capacitarlle para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade.

Polo tanto, entendemos que a orientación consistirá nun proceso de análise e tratamento de situacións educativas, baseándose na axuda e asesoramento a toda a comunidade educativa. Este proceso, para ser eficaz, ten que ser sistemático, planificado e asumido por todxs (DO, Equipo Directivo, profesorado, familias); non debemos esquecer, así mesmo, que a orientación e a acción tutorial son intrínsecas á práctica pedagóxica de toda persoa docente.

O Departamento de Orientación, no desenvolvemento das súas actividades, debe asegurar o seguimento e apoio do proceso de aprendizaxe en cada alumno/a e facilitarlle a súa toma de decisións académicas e profesionais, respectando a autonomía dos centros e, en consecuencia, a necesaria adecuación dos plans de traballo do Departamento de Orientación ás peculiaridades do seu contorno educativo.

Polo tanto, a orientación deberá propor solucións educativas axeitadas ás características e necesidades do alumnado. Este obxectivo non será posible se non se establece un plan de actuación conxunto entre todos os sectores implicados no proceso educativo.

Os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social sobre os que se fundamenta o concepto e as funcións da orientación son coherentes cos de comprensividade e diversidade que se preconizan nas diferentes leis educativas. Estes principios fan referencia a unha tarefa xeneralizada, continuada, preventiva, integrada na función docente, potenciadora de intervención social e respectuosa coa orixinalidade do alumnado.

A nivel legal, a Orientación Educativa no ensino secundario desenvólvese nos tres niveis que estruturan a organización escolar:

- . Na aula, a acción tutorial.
- . No centro, o Departamento de Orientación.
- . No Sistema Educativo, os servizos externos provinciais: Equipos de Orientación Específicos.

No que se refire ao modelo de intervención do Departamento de Orientación, tratarase de adecualo ás necesidades que vaian xurdindo, intentando introducir de forma progresiva un modelo de intervención a través de programas. Isto require unha implicación e organización do centro que facilite este tipo de intervención (flexibilización do currículo, horario para a tutoría grupal, horas de coordinación dos diferentes axentes de intervención orientadora,...).

Para dar resposta ás premisas plantexadas, o Departamento actuará en tres ámbitos interrelacionados:

- ✓ **Acción Tutorial.**
- ✓ **Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe - Atención á diversidade.**
- ✓ **Orientación Académica-Profesional.**

En cada un destes ámbitos especificaranse os obxectivos que se pretenden acadar e as actuacións a levar a cabo para conseguilo.

2. MARCO LEGAL

A miña labor orientadora atópase regulada polo seguinte marco legal:

LEI EDUCATIVA

- . **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**

ETAPAS EDUCATIVAS

ESO E BACHARELATO

- . **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- . **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o

currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 157/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- **Resolución do 26 de maio de 2022**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para el desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

FP

- **Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo**, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- **Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño**, das Cualificacións e da Formación Profesional.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO

- **Decreto 107/2014**, polo que se regulan aspectos específicos das ensinanzas de formación profesional básica do sistema educativo en Galicia.
- **Orde de 13 de xullo de 2015**, regula o acceso e admisión na FPB así coma o acceso e admisión nestas ensinanzas.
- **Resolución do 22 de xuño de 2022**, da Dirección Xeral de FP, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR

- **Decreto 114/2010, 1 de xullo**, polo que se establece a ordenación xeral da FP do sistema educativo de Galicia.
- **Orde 12 xullo de 2011**, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- **Resolución do 22 de xuño de 2022**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola

que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23.

ESA

- **Orde 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Resolución do 18 de xullo de 2022**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022-2023.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **Decreto 120/1998, de 23 de abril**, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Circular 10/2010**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORGANIZACIÓN DE CENTROS

- **Decreto 324/1996, de 26 de xullo**, polo que se aproba o Regulamento dos Institutos de Educación Secundaria.
- **Orde de 1 de agosto de 1997**, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, de 26 de xullo.

3. ANÁLISE DO CONTEXTO E DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES

O Instituto de Educación Secundaria “PEDRO FLORIANI” é un centro público no que se imparte o Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato, Ciclos formativos de Grao Básico, Grao Medio e Superior e Educación secundaria de adultos.

O Centro atópase situado no Concello de Redondela, moi próximo a Vigo. O noso Centro atende a un alumnado que presenta, en xeral, familias de nivel sociocultural medio. Acusamos ademais un nivel de estrés familiar alto, con situacións desfavorecidas nun número considerable de alumnado. Por outra banda, o centro escolariza a alumando procedente da Fundación “*Aldeas Infantís*”, un centro de acollida para nenos/as e mozos/as en situación de desprotección familiar.

Coñecer e dar resposta ás necesidades específicas do alumnado é un obxectivo que se procura ao abeiro do Consello Europeo onde se define a educación como un *elemento de cohesión social nunha economía europea de coñecemento*.

Como necesidades educativas podemos destacar:

- Un alto número de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Falta de expectativas e certa desmotivación nalgún alumnado.
- Un número destacado de familias con problemas socio-afectivos.
- Falta de implicación de moitas familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Necesidade de dinamizar a labor titorial e máis implicación dos delegados/as de aula.
- Continuar fomentando actividades de mellora da convivencia

Por todo isto, dende o punto de vista da orientación educativa, académica e profesional, unha das nosas metas é ser capaces de asumir estas condicións e dar unha resposta o máis positiva e axeitada posible, ofertando unha boa información e asesoramento; para iso artellaremos medidas e actuacións precisas, que sinalaremos ao longo deste Plan.

O IES Pedro Floriani no presente curso abrangue os seguintes grupos:

RÉXIME ORDINARIO (Diúrno):

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- 2 Grupos de 1º
- 2 Grupos de 2º
- 2 Grupos de 3º + grupo PDC
- 2 Grupos de 4º

BACHARELATO:

- 3 Grupos de 1º Humanidades e Ciencias Sociais / Ciencias e Tecnoloxía / Artes
- 2 Grupos de 2º Humanidades e Ciencias Sociais / Ciencias e Tecnoloxía

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO:

- 1º e 2º de Electricidade e Electrónica.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO:

- 1º de Xestión Administrativa.
- 2º de Xestión Administrativa.
- 1º de Instalacións de Telecomunicacións.
- 2º de Instalacións de Telecomunicacións.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR:

- 1º de Administración e Finanzas
- 2º de Administración e Finanzas

REXIME ADULTOS (Nocturno):

ESA: Módulos I , II , III e IV

4. Estrutura do Departamento**4.1. Constitución do Departamento de Orientación**

O Departamento está constituído, neste **curso 2022/2023**, polos seguintes membros:

- ❖ Beatriz Iglesias Gómez, profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.
- ❖ Rut Cortizo Franco, profesora ámbito científico.
- ❖ Rosa M^a Ligerero Valladares, profesora ámbito lingüístico.
- ❖ Iván Seijas López, profesor de FOL.
- ❖ Celia Ledo Rodríguez, Xefa do D.O. do CEIP “Porto Cabeiro”.
- ❖ Lidia Serén Bouzas, Xefa do D.O. do CEIP “Reboreda”.
- ❖ Zeltia Rodríguez Rodríguez, profesora especialista en Psicoloxía e Pedagogía, xefa do Departamento.

4.2. Funcionamento

Segundo a **Orde de 24 de xullo de 1998**, no funcionamento do Departamento de Orientación teranse en conta as seguintes consideracións:

- Os membros do Departamento de Orientación con destino no propio centro celebrarán reunións semanais na hora destinada para tal fin no seu horario (**venres 09:50h - 10.40 h.**).
- As responsables da orientación nos centros adscritos reuniranse co resto do Departamento polo menos unha vez por trimestre, para realizar a coordinación e seguimento do Plan de Orientación establecido; ademais recollerán nun informe anual a avaliación do desenvolvemento do mesmo e as modificacións adoptadas, se é o caso, que se incorporarán no anexo da memoria final.
- O Departamento de Orientación deberá asesorar ao Equipo Directivo, aos titores/as, e ao profesorado no desenvolvemento do **PAT** e do **POAP**.

Gran parte da nosa actuación desenvolverase mediante a participación en diversas estruturas do Centro. Aquí recollemos as **pautas de coordinación** que seguiremos:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica: a Xefa do Departamento e a profesora de PT asistirán ás reunións da CCP que se convoquen, asesorando cando corresponda respecto aos temas que se traten na orde do día de cada reunión.
- Xuntas de avaliación: a Xefa do Departamento asistirá ás xuntas de avaliación. A profesora de Pedagogía Terapéutica asistirá aquelas nas que se avalíe alumnado que recibe apoio.
- Equipo Directivo: manteremos un contacto constante co Equipo Directivo, ao que se comunicarán as actuacións que levamos a cabo, así como a súa finalidade e desenvolvemento. Este contacto será especialmente directo coa Xefatura de Estudos.
- Reunións de coordinación con titores/as: a Xefa do Departamento participará en reunións cos titores/as para coordinar e establecer plans de traballo; así mesmo, participará asesorando nos temas e materiais que se consideren oportunos. Serán coordinadas pola xefatura de estudos.

4.3. Situación e Recursos Materiais

O departamento dispón dun pequeno despacho na planta baixa do edificio, ao lado dos despachos dos membros do equipo directivo e da sala do profesorado.

Contamos cos seguintes recursos materiais: un moble grande con estantes, dous archivadores metálicos, un estante mediano, unha mesa de traballo xunto a outra para o ordenador, impresora, teléfono, trituradora de documentos e diverso material de oficina. Así mesmo, dispomos de abundante material psicotécnico, lexislativo e material bibliográfico. Non hai espazo para reunións no departamento, polo que estas as facemos na sala de reunións próxima.

5. FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO E OBXECTIVOS XERAIS

As funcións do Departamento de orientación recóllense no Decreto 120/98, polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións son:

- Valorar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de

actuación.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo e Concreción Curricular do Centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando corresponda, na adecuación dos criterios de promoción.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo/etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades que lles faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos de programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos o en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, a construción do autoconceito e da autoestima, e no proceso de toma de decisións.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións do contorno.

Obviamente, estas funcións serán o referente para o noso traballo, pero consideramos necesario marcar uns **OBXECTIVOS** que pretendemos acadar no curso 2022/2023:

OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Colaborar activamente cos diferentes titores/as do centro na posta en práctica do Plan de Acción Titorial. Colaborar cos titores/as na súa relación coas familias. Potenciar a Acción Titorial por medio da hora de tutoría co alumnado e das reunións dos titores/as.
2. Participar na coordinación e posta en funcionamento do Plan de Orientación Académica e Profesional, ofrecendo aos alumnos/as e as súas familias a orientación e o asesoramento académico e profesional máis axeitado.
3. Contribuír á mellora de convivencia no IES, organizando charlas diversas e asesorando á comunidade educativa en xeral.
4. Optimizar a orientación do alumnado de Ciclos formativos e Adultos.
5. Manter actualizada a información sobre orientación académica e profesional para o alumnado a través de diferentes medios: aula virtual, páxina web, etc.
6. Apoiar e reforzar o benestar emocional da comunidade educativa.
7. Participar no grupo de traballo de novas pedagogías e animar á participación do profesorado no mesmo.

A través deles, o Departamento de Orientación tratará de contribuír ao desenvolvemento das seguintes **competencias clave**:

- Sociais e cívicas.
- Aprender a aprender.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

6. ACCIÓNS PRIORITARIAS**6.1. Actuacións respecto ao centro:**

- ✓ Asesorar á comunidade educativa sobre medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade, así como de mellora da convivencia escolar (Plan de mellora).
- ✓ Asistir ás sesións de avaliación.
- ✓ Representar ao departamento na CCP.
- ✓ Participar activamente nos contratos programa que se establezan no curso.
- ✓ Actualizar os documentos e concrecións anuais correspondentes o departamento de orientación.

6.2. Actuacións respecto ao profesorado:

- ✓ Difundir as funcións do Departamento e da tutoría.
- ✓ Contextualizar o PAT dentro do PE, establecendo, en colaboración cos titores/as, os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice nas tutorías do curso.
- ✓ Asesorar ao profesorado que o demande nas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe, facilitándolles os recursos e instrumentos necesarios.
- ✓ Diseñar o POAP de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, e coordinación do seu proceso de desenvolvemento.
- ✓ Proporcionar información sobre o alumnado que se incorpora por primeira vez ao IES.
- ✓ Transmitirlles información acerca dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e de aspectos persoais, sociais, familiares e de historia escolar que repercutan no proceso de E-A dos alumnos.
- ✓ Coordinar a elaboración, posta en marcha e revisión das adaptacións curriculares e das medidas de apoio e reforzo educativo.
- ✓ Ofrecer pautas educativas aos profesores de ciclos formativos que atenden alumnos que reservaron pola quenda de discapacidade e/ou presentan necesidades. Colaborar na realización dos posibles procesos de flexibilización modular e/ou outras medidas de atención á diversidade.

6.3. Actuacións respecto do alumnado:

- ✓ Realizar Avaliacións Psicopedagóxicas cando sexan demandadas e necesarias.
- ✓ Elaborar ou actualizar os informes de aqueles alumnos/as nos que se detecten NEE e seguimento do proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración cos titores/as do grupo.
- ✓ Elaborar os ditames de escolarización para alumnos con discapacidade nos ciclos de FP.
- ✓ Diseñar e desenvolver as actividades recollidas na programación do Departamento de Orientación relativas á orientación escolar, vocacional e profesional, así como o seu proceso de inserción e participación no grupo e na dinámica do centro.
- ✓ Asesorar e apoiar puntual e individualmente segundo as demandas e necesidades.

6.4. Actuación respecto das familias:

- ✓ Facilitarlles o coñecemento do Sistema Educativo e as opcións académico/ profesionais.
- ✓ Orientar ás familias, individual e colectivamente, sobre diversas temáticas.
- ✓ Implicar aos pais e nais en actividades de seguimento, reforzo e apoio educativo.
- ✓ Participar na solicitude de axudas para alumnos con n.e.e. que precisen reeducación pedagóxica e/ou da linguaxe, fóra do horario escolar, asesorando aos pais sobre a oferta existente ao respecto.

6.5. Actuación respecto aos centros adscritos:

- ✓ Colaborar cos orientadores/as dos centros de procedencia do alumnado para obter os datos necesarios para abordar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Coordinar o programa de tránsito de primaria a secundaria (Plan de Acollida).

6.6. Actuación respecto doutros organismos:

- ✓ Colaborar cos servizos sociais do Concello en tarefas relacionadas coa prevención e o desenvolvemento psicosocial dos nosos alumnos/as.
- ✓ Contactar e colaborar co EOE e con outros Departamentos de Orientación da zona, particularmente os do mesmo concello.
- ✓ Derivar aos alumnos que o precisen a outros profesionais externos ao centro (saúde mental, logopeda...).
- ✓ Contactar con diferentes organismos: oficina de emprego, servizos de información á mocidade, centros de ensino secundario e universitarios, Centro de Información á Muller (CIM), Policía, ONGs, etc.
- ✓ Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática “**dorienta**”.

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A intervención do Departamento de Orientación levarase a cabo a través dos seguintes ámbitos de actuación:

- ❖ Plan de Acción Titorial.
- ❖ Plan de Apoio ao Proceso de Ensino e Aprendizaxe e Atención á Diversidade.

❖ Plan de Orientación Académico-Profesional.

7.1. Plan de Acción Tutorial (PAT)

O Plan de Acción Tutorial é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O PAT debe asegurar que as decisións globais tomadas no Proxecto Educativo se axusten á realidade de cada grupo.

A titoría ten como función básicas, entre outras, as seguintes:

- Coñecer as aptitudes e intereses dos alumnos/as co obxectivo de orientalos.
- Contribuír a establecer relacións fluídas entre a escola e a familia así como entre o alumnado e a propia institución escolar.
- Coordinar a acción educativa de todos os profesores que traballan co mesmo grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación continua dos alumnos e resolver sobre o mesmo.

7.1.1. Obxectivos Xerais

- Colaborar no desenvolvemento e aplicación do PAT.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar a labor dos titores/as, proporcionándolles recursos e materiais.
- Orientar aos pais e nais no seu labor educativo.

7.1.2. Actuacións

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Participar na acollida emocional e coñecemento do alumnado.	Setembro/outubro
Entregar aos titores/as documentación informativa das súas funcións.	Setembro
Participar na avaliación inicial.	Setembro
Informar aos titores/as dos datos máis salientables coñecidos sobre os seus alumnos/as.	Setembro/ Outubro

Participar nas xuntas de avaliación.	Finais de trimestres
Participar nas reunións cos titores/as.	Todo o ano
Deseñar actividades de tutoría encamiñadas a mellorar a relación entre os alumnos/as e a súa convivencia.	1º e 2º trimestres
Organización actividades Contra a violencia de xénero.	1º trimestre
Organización de charlas de carácter preventivo (plan Director).	1º trimestre
Coordinación do Programa de Prevención de Drogodependencias.	1º/2º trimestre
Coordinación do Programa de técnicas de Habilidades Sociais.	1º/2º trimestre
Organización de talleres / obradoiros sobre educación emocional	1º / 2º / 3º trimestre

7.2. Plan de Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe e Atención á Diversidade

No plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e atención a diversidade recóllense e desenvólvense as propostas relativas á atención á diversidade, para dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos/as que se escolarizan nos diferentes grupos. No noso instituto contamos cunha profesora **especialista en Pedagogía Terapéutica** que atende ao alumnado que o precisa na aula de apoio (este ano ten un posto como membro do equipo directivo, concretamente xefatura de estudos nocturno). Este curso temos tamén teremos a posibilidade de contar con **Profesorado con dispoñibilidade horaria** que faga reforzos dentro da aula nos grupos nos que se detecten as necesidades (principalmente 1º e 2º ESO).

Ademais, para o alumnado de 1º e 2º de ESO que presenta dificultades xeneralizadas nas linguas, tramitarase a pertinente **exención da 2ª Lingua estranxeira**, co conseguinte reforzo educativo (segundo o establecido pola *Resolución de 26 de maio de 2022*).

En 3º ESO, haberá un grupo formado por 8 alumnos/as que debido ás súas dificultades de aprendizaxe, formará parte do Programa de Diversificación Curricular (**P.D.C**).

7.2.1. Obxectivos Xerais

Os obxectivos a traballar ao longo do curso serán:

- Proporcionar ao alumnado estratexias de aprendizaxe para que poidan aprender por si mesmos, e desenvolver un pensamento autónomo e crítico.

- Previr as dificultades de aprendizaxe, e asistilas o antes posible para evitar fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Realizar o seguimento do alumnado con RE ou ACS na ESO; do alumnado con necesidades en Bacharelato; do alumnado que cursa 3º ESO PDC e ciclo formativo de grao básico; do alumnado que reservou pola quenda de discapacidade nos ciclos formativos; e do alumnado en situación de vulnerabilidade socio educativa.
- Participar na avaliación, tanto inicial como procesual, do alumnado.
- Colaborar en que as familias estean informadas do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Elaborar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

7.2.2. Actuacións

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Revisar a documentación que presentan os alumnos/as de nova incorporación, a fin de detectar posibles dificultades.	Setembro / Outubro
Participar na avaliación inicial dos alumnos/as, informando aos profesores/as daqueles aspectos máis relevantes, dende o punto de vista educativo, que coñezamos sobre o alumnado.	Setembro
Elaborar a concreción do plan de atención á diversidade.	Inicio do curso
Colaborar coa Xefa de estudos e coa profesora de PT na organización das actividades de apoio e RE para o ACNEAE	1º trimestre/ Todo o curso
Commemoración do Día Internacional das persoas con discapacidade.	3 de decembro
Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.	Todo o curso
Asesorar e colaborar cos titores/as e os distintos Departamentos didácticos na realización das ACS que sexan necesarias.	Todo o curso
Participar nas reunións coas familias dos alumnos/as con maiores dificultades.	Especialmente despois de cada avaliación
Colaborar coa Xefa de Estudos e os titores/as na análise dos resultados trimestrais de cada grupo de alumnos/as.	Despois de cada avaliación
Atención individualizada ao alumnado e familias.	Todo o curso

7.3. Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)

O proceso de toma de decisións nesta etapa, esixe que o alumnado integre a representación de si mesmo e a información que posúe do mundo socio-laboral, confrontándoas ata chegar a unha decisión final.

A continuación, descríbense os obxectivos xerais e os principais ámbitos de actuación do Plan de Orientación Académico-Profesional.

7.3.1. Obxectivos Xerais

- Coordinar a Orientación Académica e Profesional dos alumnos/as ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente nos cambios e ante a elección de distintas opcións académicas e profesionais.
- Fomentar no alumnado o coñecemento de si mesmos.
- Fomentar o coñecemento do contorno máis inmediato.
- Facilitar ao alumnado o desenvolvemento de estratexias para afrontar o proceso de TD.
- Fomentar a elaboración dun proxecto de vida e as habilidades para conseguilo.

7.3.2. Actuacións

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Proporcionar ao alumnado, familias e titores/as información sobre as probas de acceso a ciclos.	Todo o curso
Organización de Charlas da Universidade para 1º e 2º bacharelato, tamén para Ciclos Superior.	1º/2º trimestre
Información ao alumnado da ESO sobre o acceso a ciclos de GM ou ao bacharelato.	2º/3º trimestre
Información ao alumnado de bacharelato sobre o acceso a ciclos de Grao Superior e á Universidade.	2º/3º trimestre
Programa de toma de decisións en 4º ESO, FPB e 2º Bacharelato.	Todo o curso
Asesoramento individualizado cos alumnos/as e/ou familias.	Todo o curso

8. TEMPORALIZACIÓN

O desenvolvemento do Plan de Orientación está previsto para un curso académico, curso 2022/2023. Nos diferentes plans de intervención establécese un calendario de actividades.

9. METODOLOXÍA

A metodoloxía dependerá da actividade concreta a realizar nas distintas intervencións, pero en liñas xerais optaremos por unha metodoloxía activa, participativa, interactiva e construtiva; que parta das ideas previas dos alumnos/as, para favorecer aprendizaxes funcionais, significativas e construtivas.

Empregaremos diferentes tipos de agrupamentos (gran grupo, pequeno grupo, traballo por parella ou monitorización e traballo de maneira individualizada) para desempeñar traballos cooperativos; así como diferentes técnicas de dinámica de grupos, aprendizaxe por modelado, aprendizaxe por descubrimento e autoinstrucións.

10. RECURSOS

Os recursos, de xeito xeral, serán de varios tipos:

- **Humanos:** titores/as, profesores/as, Xefes de Estudos e resto do equipo directivo, orientadora, alumnado, persoal non docente, técnicos de diferentes organismos educativos e culturais, etc.
- **Materiais:** espazos, material audiovisual, materiais escritos, cadernos de titoría, diferentes test, bibliografía de todo tipo, etc.
- **Organizativos:** momentos de encontro e reunións ao longo do curso.

11. AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E INFORME FINAL DO PLAN DE ORIENTACIÓN

O presente Plan avaliarase ao longo do curso. Esta avaliación serviranos para:

- Valorar en que medida acadamos os nosos obxectivos iniciais.
- Coñecer mellor o impacto das actuacións orientadoras.
- Plantexar melloras constantes na planificación, deseño e posta en práctica das actividades de orientación.

Co obxecto de coñecer a efectividade dos programas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades) que fosen susceptibles de mellora no próximo curso, o Departamento de Orientación levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:

- ✓ Contrastando as experiencias mediante discusións dos equipos de titores/as.
- ✓ Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos ao alumnado, familias e profesorado.
- ✓ Realizando estudos de seguimento do alumnado.

Os criterios básicos que establecemos serán:

- ✓ A labor orientadora foi coñecida por todos os destinatarios da mesma (alumnos/as, titores/as, profesorado, equipo directivo, familias).
- ✓ Os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.
- ✓ A prestación do servizo é apreciada polos usuarios.

Unha vez avaliado, ao finalizar o curso, se elaborará a memoria onde se reflicten os logros e dificultades atopadas. Esta memoria incluírá unha reflexión sobre o desenvolvemento das actividades planificadas e a valoración global do cumprimento do Plan de Orientación.

En concreto na memoria recolleranse os seguintes aspectos:

- Actividades realizadas e o seu nivel de eficacia.
- Valoración global dos logros acadados nos obxectivos xerais.
- Análise das dificultades atopadas e propostas de mellora.

Redondela, 18 de setembro de 2022

Zeltia Rodríguez Rodríguez
Xefa do Departamento de Orientación

**ANEXO I: PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES 2022/2023
(PAT-POAP)**

1º ESO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO		Presentación curso	Acollemento (ficha datos) Acollida familias	Coñecemento (Dinámicas grupais)
OUTUBRO	Coñecemento (Dinámicas grupais)	Normas de aula /Centro	Normas de aula /Centro	Elección Delegado/a
1º Trim.	Dinámicas de presentación e coñecemento Prevención Violencia xénero - Plan Director Obradoiro intelixencia emocional e competencias sociais - Alicce Formación			
2º Trim.	Obradoiro prevención drogodependencias Asociación Érguete Dinámicas de cohesión			
3º Trim.	Obradoiro HHSS Rexurdir Orientación académica			

2º ESO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento (Dinámicas grupais)
OUTUBRO	Coñecemento (Dinámicas grupais)	Normas de aula /Centro	Normas de aula /Centro	Elección Delegado/a
1º Trim.	Prevención Violencia xénero - Plan Director Hábitos e técnicas de estudo			
2º Trim.	Obradoiro prevención drogodependencias Asociación Érguete			

	Dinámicas de cohesión
3º Trim.	Orientación académica Obradoiro HHSS Rexurdir Navega con rumbo

3º ESO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
Setembro		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento (Dinámicas grupais)
Outubro	Normas de aula /Centro	Elección de delegado/a	Elección de delegado/a	Actividades HHSS
1º Trim.	Prevención Violencia xénero - Plan Director Obradoiro prevención drogodependencias Asociación Érguete			
2º Trim.	Obradoiro de educación afectivo-sexual Quérote+ Práctica de Ioga. Escola Sangña de Ioga Dinámicas de cohesión			
3º trimestre	Obradoiro HHSS Rexurdir Orientación académica: elección de itinerarios			

4º ESO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
Setembro		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento (Dinámicas grupais)
Outubro	Normas de aula /Centro	Elección de delegado/a	Elección de delegado/a	Actividades HHSS
1º Trim.	Prevención Violencia xénero - Plan Director Obradoiro prevención drogodependencias Asociación Érguete			

	Programa educativo - vocacional "Teño que decidirme"
2º Trim.	Orientación académica. Test preferencias profesionais. Yuste Programa educativo - vocacional "Teño que decidirme"
3º trimestre	Obradoiro HHSS Rexurdir Programa educativo - vocacional "Teño que decidirme" Charla orientación académica

FP BÁSICA (1º e 2º mesmas actividades)

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento (Dinámicas grupais)
OUTUBRO	Coñecemento (Dinámicas grupo)	Normas centro /aula	Normas centro /aula	Elec. Delegado/a
1º Trim.	Obradoiro condutas aditivas. Alborada adolescentes Hábitos e técnicas de estudo Programa educativo - vocacional "Teño que decidirme" (2º)			
2º Trim.	Formación básica do manexo do can en positivo. Yaracan Galicia. Obradoiro de educación afectivo-sexual Quérote+ Programa educativo - vocacional "Teño que decidirme" (2º)			
3º Trim.	Obradoiro HHSS Rexurdir Programa educativo - vocacional "Teño que decidirme" (2º) Orientación académica e profesional			

1º BACHARELATO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento/ Normas
OUTUBRO	Elección Delegado/a	Elección Delegado/a		
1º Trim.	Charlas divulgativas EUEE UVigo			
2º Trim.	Charlas diversidade afectiva sexual Asociación Arelas			
3º Trim.	Obradoiro xestión emocional. Adamia psicología Orientación educativa			

2º BACHARELATO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento/ Normas
OUTUBRO	Elección Delegado/a	Elección Delegado/a		
1º Trim.	Charlas divulgativas EUEE UVigo Charla programa A Ponte USC			
2º Trim.	Charlas informativas ABAU / acceso universidade: orientadora e persoal UVigo. Encontros na Zona USC			
3º Trim.	Saúde Mental FEAFES Galicia Orientación académica e profesional			

CICLOS FORMATIVOS GRAO MEDIO E SUPERIOR

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO		Presentación curso	Acollemento (ficha datos)	Coñecemento (Dinámicas grupais)
OUTUBRO	Elección de Delegado/a	Elección de Delegado/a		

1º Trim.	Taller promoción saúde mental. Lenda saúde mental
2º Trim.	Charla orientación académica orientadora (2º CM) Charla informativa ABAU / acceso universidade: orientadora e persoal UVigo (2º CS Administración e Finanzas)
3º Trim.	Orientación académica e profesional

ESA

1º cuadrimestre:	Presentación da orientadora Charlas xerais na aula Atención individualizada
2º cuadrimestre:	Presentación da orientadora Charlas xerais na aula Atención individualizada